


LIBROS

REPITE: OS CARBALLOS

TÍTULO,
O centro do labirinto,
AUTOR,
Agustín Fdez Paz,
EDITA,
Xerais

Os ¿moitos?, bos e memoriosos amantes dos asuntos líricos reconecerán de contado as verbas do encabezamento. Para os que non, aclaremos que forman o verso que pon remate ó 'Colofón' dun poemario luxoso, combativo e de raza, coído que un poemario cardinal da lírica galega dos nosos días, no que as verbas-estirpe nos lavan, "son morte pro estranxeiro" e os carballos, lábaro e xostregada da universal desidencia. Estamos a falar, claro que si, de *Estirpe* de X. L. Méndez Ferrín, o escritor evocado e homenaxeado dende a subversión da planura uniformizadora da metade do século XXI. Seu é o verso co que Agustín Fernández Paz coroa unha boa novela de anticipación, que a este seu lector lle provocou máis dun arreguizo abalante e unha aceleración de latexos ó chegar inesperadamente ás súas mans esta historia, esgazando os segredos do silencio impreso. Mais poñéndonos a falar directamente da novela, que é o que cómpre, direilles que *O centro do labirinto* é asemade moitas cousas e varios os seus niveis de lectura. Unha trama argumental, en primeiro lugar, enteiramente novelesca sen disimulos ou camuflaxes, de xeito e maneira que é a narración de aventuras o que ter-



ma do libro e non os afáns adoutrinadores ou moralizantes como produto acontece nos subproductos do xénero de anticipación. Pois, en efecto, o autor cóntanos con paixón unha historia, froito dunha nidia capacidade fabuladora, que acontece a mediados do século XXI. É a aventura externa que na narración de A. Fernández Paz ten entidade de seu para deleitar o rapaz de

quinze anos e o adulto de trinta, sen ter que acudir á inflación de trebellos tecnocientíficos característica dalgúns produtos do xénero, aínda que quizais algunha mente requintada non atope na inventiva de A. Fernández Paz aquela sólida base científica que Patrick Moore esixía como requisito da ciencia ficción. Tanto me ten porque a novela de Fernández Paz non aca-

ba aquí: están os carballos, a vella árbore autóctona á que estreita entre os brazos un personaxe da obra, símbolos de todos os inmensurables combates que achan acubillado nas páxinas de *O centro do labirinto*. Alegatos combativos contra as tendencias negativas e as súas consecuencias que allicerza xa con forza a sociedade actual. A globalización cultural, o

pensamento único, a linguaxe única —euroinglés, claro—, o liberalismo capitalista que transmite polas máis de catrocentas canles de TV que pode recibir calquera cidadán de Europa, as mesmas noticias e as mesmas mensaxes. Loita ardida nomeadamente a prol da variedade como esencia da vida, nesta novela recuperadora das raíces, da memoria perdida que, sen embargo, e iso é para min o seu maior mérito, nunca adoutrina. Esta subxacente aventura interna vén contada a través da aventura externa, encarnada na trama narrativa. Daquela, que o autor poida transmitir as súas teimas e mensaxes sen nós sentírmolos sermoneados.

Cumpriría igualmente aludir ó estilo de A. Fernández Paz. Estilo correcto e moi claro, sen luxos e ostentosas espectacularidades, modelo daquela limpeza na escrita que fai que a lingua 'corra' sen atrancos para o lector. Mais son outras as consideracións que lle porán fin a este comentario. ¿Son os lindes dunha colección xuvenil como 'Fóra de xogo' os que mellor lle acaen a este libro? *O centro do labirinto* é dende logo literatura xuvenil porque convén, e moito, que os rapaces e as rapazas de quince anos lean esta novela que nada ten que ver co formato light e 'descafeinado' que se está a impor no mundo dos libros para mozos. Os riscos do seu encadramento en colección xuvenil son tamén obvios. En primeiro lugar, causa quizais non demasiado transcendente, o de que unha vez máis se converta en invisible para o espello da crítica.

Moiito máis grave sería o feito de que un fermoso produto estético, a creatividade que o sustenta e os interrogantes que suscita, ficasen ocultos para outras mentes lectoras, porque esta é, por riba de todo, unha novela para todos os públicos.

f. MARTÍNEZ BOUZAS